



Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010

Estimada/o colexiada/o,

A Xunta de Goberno do COLEF Galicia, na súa reunión do pasado 10 de febreiro de 2010, e en cumprimento das atribucións que lle confire o Artigo 26.10 dos estatutos vixentes, acordou convocar a **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA** para o próximo **12 de marzo de 2010 ás 16:30 horas en PRIMEIRA CONVOCATORIA** e ás 17:00 horas en SEGUNDA CONVOCATORIA, na Sala de Xuntas do Centro Empresarial Compostela sito no enderezo que figura a pé de páxina.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria do venres 27 de marzo de 2009.
2. Informe do presidente sobre a actividade colexial do ano 2009.
3. Exame e aprobación, se procede, da memoria e a conta xeral de gastos e ingresos do exercicio 2009.
4. Informe do Presidente sobre o Plan Anual 2010 do COLEF Galicia.
5. Aprobación, se procede, das novas cotas e condicións de colexiación.
6. Aprobación, se procede, das promocións correspondentes ás novas cotas de colexiación.
7. Exame e aprobación, se procede, do orzamento aprobado pola Xunta de Goberno para o exercicio 2010.
8. Elección para cargos vacantes da Xunta de Goberno.
9. Exame e aprobación, se procede, das accións de adaptación do COLEF Galicia ao novo marco legal.
10. Lectura, discusión e aprobación, se procede, das proposicións presentadas polos/as colexiados/as en prazo e forma segundo o disposto no artigo 50 dos estatutos do COLEF Galicia.
11. Mocións de urxencia.
12. Rogos e preguntas.



Ilustre Colexio Profesional
de Licenciados en Educación Física
e en Ciencias da Actividade Física
e do Deporte de Galicia

Aproveitamos para recordar e informar de que:

- Conforme establece o artigo 50 dos nosos estatutos:

“Os colexiados, quince días antes da celebración da asemblea xeral ordinaria, poderán presentar as proposicións que desexen someter á deliberación e acordo daquela, e deberán ser incluídas estas, pola Xunta de Goberno, no punto da orde do día denominado proposicións.

Estas proposicións deberán aparecer subscrias por un mínimo de dez colexiados. Ao darse lectura destas proposicións, a Asemblea Xeral acordará se procede ou non abrir a discusión sobre elas.”

- Se estás interesado/a en recibir a documentación da Asemblea Xeral Ordinaria con anterioridade ao 12 de marzo, deberás poñerte en contacto co COLEF Galicia mediante calquera dos medios que figuran a pé de páxina.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo

Asdo.: **Roberto Barcala Furelos**

SECRETARIO DO COLEF GALICIA